

REGULAMENTO ORGÁNICO DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.–Santiago de Compostela, capital de Galicia, é a única das sete grandes cidades que non conta cun esencial regulamento orgánico de organización e administración municipal, malia a obriga legal contida na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e en particular no artigo 123.1c da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que entrou en vigor, consonte a súa disposición final terceira, o 1 de xaneiro de 2004 e a súa disposición transitoria primeira que establecía que “os plenos dos concellos aos que resulte de aplicación o réxime previsto no título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, introducido por esta lei, disporán dun prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor par aprobar as normas orgánicas necesarias para a adaptación da súa organización ao previsto no devandito título. En tanto se aproban tales normas, continuarán en vigor as normas que regulen estas materias no momento da entrada en vigor desta lei”.

De acordo con estas previsións legais, só A Coruña e Vigo quedarían, na nosa Comunidade Autónoma, directamente incluídas no réxime dos municipios de gran poboación; así, as outras cinco cidades susceptibles de acollerse a el –Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela– deberían solicitar esta inclusión mediante acordo dos seus respectivos plenos municipais, decidindo logo o Parlamento galego o que considere procedente.

Os plenos municipais destas cinco cidades adoptaron o acordo de solicitar a aplicación do réxime de organización reservado aos municipios de gran poboación, incluído no título X da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Desta forma, pola Lei 4/2004, do 28 de xuño, para a aplicación dos municipios de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela do réxime de organización dos municipios de gran poboación, acordouse a aplicación a estes concellos –por entender que concorren as circunstancias de carácter obxectivo esixidas no título X da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local– do réxime de organización dos municipios de gran poboación previsto no devandito título, debendo os seus plenos

municipais determinar a aplicación ao réxime de organización correspondente e entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

A pesar das obrigas legais, nestes xa máis de sete anos, non se aprobou o regulamento de organización e administración que habilitase a estrutura dunha gran cidade.

Non obstante, o certo é que de facto o Concello encerra unha estrutura dos niveis esenciais da organización municipal, ademais dos órganos necesarios, organismos públicos, grandes áreas de goberno, direccións xerais ou órganos similares e así constan mesmo no cadro de persoal municipal, porén sen o pertinente instrumento habilitador mediante o regulamento orgánico.

A nova Corporación, que tomou posesión en xullo de 2011, consciente da súa necesidade e da obriga legal cumpre co mandato estatal e autonómico coa redacción deste regulamento que habilita a actual estrutura municipal e realiza previsións de futuro.

Malia isto, a urxente obriga da redacción do regulamento, principalmente motivada pola súa ausencia, unida á urxente necesidade de acometer os niveis de organización municipal derivados dun cambio de goberno, non permitiu o período de tempo suficiente para abordar unha profunda reestruturación municipal, polo que este nace con vocación de habilitación legal máis que de estruturación futura, deixando constancia da necesidade de profundizar nela nun prazo prudente e en todo caso neste mandato, de cara a resolver os problemas complexos da cidade e a estrutura futura, quizais acometendo xa a reorganización territorial en distritos.

Neste senso, nos podemos esquecernos da Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela, que se ben é anterior á Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación ás novas competencias e estrutura das grandes cidades, será necesario abordar nun futuro o seu desenvolvemento tamén no marco da administración municipal.

II.–A Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, aprobou un importante conxunto de reformas do réxime local contido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL).

Entre estas medidas destaca a adición dun título X á Lei 7/1985, do 2 de abril, no que se establece un novo modelo orgánico-funcional para os municipios de gran poboación, regulándose os seus órganos necesarios (pleno, comisións de pleno, alcalde, tenentes de alcalde e xunta de goberno local), os órganos superiores e directivos, a división territorial en distritos, os mecanismos de participación cidadá, o consello social da cidade, etcétera.

Este novo réxime de organización implantado pola Lei 57/2003 para os municipios de gran poboación ten como trazo máis destacado a separación de funcións entre o pleno e o executivo municipal, integrado polo alcalde e a xunta de goberno local. O pleno, máximo órgano de representación política da cidadanía no goberno municipal, aparece configurado como órgano de debate e de adopción das grandes decisións estratéxicas, a través da aprobación das ordenanzas e regulamentos, dos orzamentos municipais, dos plans de ordenación urbanística, etcétera, e do control do executivo. O alcalde constitúe o principal órgano de dirección da política, o goberno e a administración municipal, e a xunta de goberno defínese como un órgano esencial de colaboración na dirección política do concello, da cal poderán formar parte persoas que non teñan a condición de concelleiros.

En termos xurídicos, esta configuración é perfectamente incardinable, como sinala a exposición de motivos desa Lei, no modelo europeo de goberno local acuñado pola Carta europea da autonomía local, que apoia esa disociación entre órgano representativo e órgano executivo cando prevé no seu artigo 3.2 que as asembleas ou consellos electivos “poden dispor de órganos executivos responsables ante eles mesmos”.

A Lei 57/2003, do 16 de decembro, seguindo as conclusións aprobadas polo Pleno do Senado en relación co “Informe sobre as grandes cidades”, permite a translación aos municipios de gran poboación do modelo organizativo departamental consolidado nas Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, así como a posibilidade de dotar estas cidades de persoal directivo cualificado que “permita atender coa debida eficacia a singular complexidade da súa organización, reforzando a capacidade directiva e xerencial dos seus máximos responsables”.

Como se afirmou tantas veces, gobernar as grandes cidades implica “xestionar a complexidade” e para facilitar este goberno do complexo, esas e outras medidas contidas na Lei 57/2003 teñen como obxectivo racionalizar e modernizar as organizacións locais, avanzar cara a unha administración municipal máis áxil e eficaz. Obxectivo que agora se reforza con este regulamento co fin de dotar o Concello de Santiago de Compostela dunha organización capaz de facer fronte aos grandes retos do futuro, potenciando a calidade de vida e o benestar da súa veciñanza.

Como se apuntou anteriormente, a Lei 57/2003, do 16 de decembro, no seu artigo primeiro engade dous novos títulos, o X e XI, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O título X, no seu artigo 121, establece o ámbito de aplicación, sinalando que o será aos municipios: a.–Con poboación superior aos 250.000 habitantes; b.–Aos municipios capital de provincia con poboación superior aos

175.000 habitantes; c.–Aos municipios que sexan capitais de provincia, capitais autonómicas ou sedes das institucións autonómicas; e d.–Aos municipios con poboación superior a 75.000 habitantes que presenten circunstancias económicas, sociais, históricas ou culturais especiais.

O Concello de Santiago de Compostela, ao abeiro do disposto no apartado c do artigo 121, por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na sesión que tivo lugar o día 29 de xaneiro de 2004, por unanimidade, acordou solicitar do Parlamento de Galicia a integración do Concello de Santiago de Compostela, como capital autonómica, no ámbito de aplicación do réxime orgánico establecido no devandito título X da Lei 7/1985 para os municipios de gran poboación.

A Comunidade Autónoma, mediante a Lei 4/2004, do 28 de xuño, para a aplicación aos concellos de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela do réxime de organización dos municipios de gran poboación, publicada no Diario Oficial de Galicia número 130 do 7 de xullo de 2004 e no Boletín Oficial do Estado número 187, do 4 de agosto de 2004, dispón a integración do Concello de Santiago de Compostela no réxime previsto para os municipios de gran poboación.

III. O citado título contén un conxunto de disposicións referentes á organización dos municipios de gran poboación. Non obstante, non esgota a regulación da materia, pois, á parte do desenvolvemento posterior que necesariamente corresponde ás comunidades autónomas, aínda queda un espazo relevante para a potestade de autoorganización do municipio que no marco destas normas, estatal e autonómico, permita ao decidir respecto do modelo de organización que considere máis idóneo para o goberno do Concello de Santiago de Compostela.

Neste sentido, o título X fai unha chamada ás normas orgánicas municipais a través das cales o pleno poderá expresar a vontade municipal respecto do modelo particular de organización da súa administración, cobrando forza deste xeito un dos elementos que configuran o contido esencial da autonomía local: a potestade de autoorganización.

En concreto, o artigo 123.1.c da LRBRL, engadido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, atribúe ao pleno a competencia para a aprobación e modificación dos regulamentos de natureza orgánica, sinalando seguidamente as disposicións que terán en todo caso esta natureza: a regulación do pleno, do consello social da cidade, da comisión especial de suxestións e reclamacións, dos órganos complementarios, as normas de participación cidadá, dos distritos, a determinación dos niveis esenciais da organización municipal e a regulación do órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas.

A aprobación destas normas orgánicas requirirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno.

Este esquema de fontes normativas péchase coa facultade recoñecida ao alcalde na LRBRL para organizar os servizos administrativos do Concello da forma que considere máis idónea para a execución das distintas accións públicas que conforman o seu programa de goberno.

Con este regulamento orgánico véñse dar cumprimento en parte ao mandato legal apuntado, regulando o goberno e a administración do Concello de Santiago de Compostela.

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS

CAPÍTULO I

OBXECTO E FINALIDADE DO REGULAMENTO ORGÁNICO DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Artigo 1. Ámbito de aplicación e obxecto do Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela.

1. O ámbito de aplicación deste Regulamento orgánico é o Concello de Santiago de Compostela, suxeito ao réxime de organización dos municipios de gran poboación recollido no título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, consonte se deduce do artigo 121 do dito texto legal.

2. O obxecto deste Regulamento orgánico é regular o goberno e a administración do Concello de Santiago de Compostela, como expresión da autonomía local garantida pola Constitución española.

3. O Pleno do Concello de Santiago de Compostela, órgano necesario do goberno e administración municipal, rexerase polo seu propio Regulamento orgánico e polas demais disposicións que lle resulten de aplicación.

Artigo 2. Finalidade do Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela.

A finalidade deste regulamento orgánico é establecer o réxime xurídico aplicable á organización, goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela, co obxectivo de satisfacer os principios de descentralización e máxima proximidade da xestión administrativa á cidadanía e de servizo a esta.

CAPÍTULO II

PRINCIPIOS XERAIS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Artigo 3. Principio de legalidade.

O Concello de Santiago de Compostela organízase e actúa con sometemento pleno á lei e ao dereito, e exerce as súas competencias con plena suxeición ao disposto na Constitución española (CE), na lexislación básica estatal sobre réxime local, ditada ao abeiro do artigo 149.1.18ª da CE, e na lexislación do réxime local que aprobe a Comunidade de Galicia no ámbito das súas competencias.

Artigo 4. Principio de autonomía local.

1. O Concello de Santiago de Compostela organízase e exerce as súas competencias dentro dos límites da autonomía local recoñecida e protexida pola Constitución española.

2. O Concello de Santiago de Compostela adoptará todas as medidas administrativas e exercerá todas as accións procesuais que considere oportunas fronte a calquera actuación ou situación que constitúa unha vulneración do contido constitucionalmente protexido da dita autonomía local.

Artigo 5. Principio de servizo obxectivo ao interese xeral.

1. O Concello de Santiago de Compostela, baixo a superior dirección do alcalde presidente, serve con obxectividade e transparencia aos intereses xerais do municipio, tratando de alcanzar en todas as facetas da actuación corporativa as condicións que aseguren o progreso e o benestar da veciñanza de Santiago.

2. O Concello de Santiago de Compostela exerce as súas competencias propias en réxime de autonomía e baixo a súa propia responsabilidade, atendendo sempre á debida coordinación na súa programación e execución coas demais administracións públicas. As competencias delegadas exerceranse nos termos da delegación que, en todo caso, deberá respectar a autonomía municipal e a potestade de autoorganización do Concello.

Artigo 6. Principio de participación democrática.

A organización e funcionamento do Concello de Santiago de Compostela garante a participación democrática no goberno municipal e facilita a intervención da veciñanza na vida municipal.

Artigo 7. Principio de transparencia e proximidade.

Os órganos municipais garanten a transparencia no exercicio das funcións de goberno e administración municipal e a máxima proximidade da xestión corporativa aos intereses da veciñanza.

Artigo 8. Principio de xestión responsable.

O Concello de Santiago de Compostela exercerá con plena responsabilidade as funcións executivas e administrativas que lle atribúan as leis.

Artigo 9. Principio de eficacia, descentralización funcional e desconcentración.

1. No exercicio das súas competencias, o Concello de Santiago de Compostela actuará con suxeición ao mandato constitucional de eficacia.

2. A organización do Concello de Santiago de Compostela axustarase aos principios de descentralización funcional e desconcentración co fin de conseguir unha distribución racional, eficaz e eficiente das funcións encomendadas aos distintos órganos municipais.

CAPÍTULO III

RÉXIME XURÍDICO DAS COMPETENCIAS E DAS RELACIÓNS ADMINISTRATIVAS

Artigo 10. Competencias propias.

O Concello de Santiago de Compostela exercerá as súas competencias propias en réxime de autonomía e baixo a súa responsabilidade cando proceda, atendendo sempre á debida coordinación na súa programación e execución coas demais administracións públicas e, en particular, coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 11. Competencias atribuídas por delegación.

O Concello de Santiago de Compostela exercerá as súas competencias delegadas nos termos da delegación, que poderá establecer técnicas de dirección e control de acordo coa normativa vixente, respectando en todo caso a potestade de autoorganización do Concello.

Artigo 12. Réxime legal da delegación de competencias.

A delegación de competencias que teña lugar entre órganos do Concello de Santiago rexerase polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nas restantes disposicións legais ditadas polo Estado ou pola Comunidade Autónoma de Galicia que afecten ao réxime xurídico da delegación de competencias.

Artigo 13. Ámbito funcional da delegación.

1. A delegación de competencias poderá ser xenérica ou para cometidos específicos. O decreto, resolución ou acordo de delegación especificará en cada caso o tipo de delegación de que se trata así como o seu alcance ou ámbito funcional.

2. A delegación xenérica referirase a áreas ou materias determinadas da xestión municipal e poderá abranguer a facultade de dirixir e xestionar os servizos correspondentes, incluída a facultade de resolución a través de actos administrativos que afecten a terceiros.

3. As delegacións xenéricas, salvo que nelas se dispoña outra cousa, entenderanse outorgadas con toda a amplitude suficiente para permitir unha xestión adecuada e integral da área ou servizo municipal a que se refiran.

4. As resolucións ou acordos ditados en virtude de competencias delegadas farán mención desta circunstancia e entenderanse adoptados polo órgano delegante.

Artigo 14. Extensión temporal da delegación.

1. A extensión temporal da delegación de competencias será a que estableza o decreto, resolución ou acordo de delegación.

2. Se o decreto, resolución ou acordo de delegación non especifica a extensión temporal desta, entenderase conferida por tempo indefinido, salvo que a súa temporalidade se deduza da propia natureza da competencia delegada.

Artigo 15. Eficacia da delegación.

A delegación de competencias producirá efecto desde a data do decreto, resolución ou acordo de delegación, salvo que neles se dispoña outra cousa e sen prexuízo da súa publicidade nos termos esixidos pola lexislación de réxime local.

Artigo 16. Presunción de permanencia das delegacións conferidas.

Nos supostos de cambio de titularidade dos órganos delegantes presúmese, salvo expresa mención en contra, que as delegacións conferidas polos anteriores titulares se manteñen nos seus mesmos termos.

Artigo 17. Prohibición de delegación de competencias recibidas por delegación.

Ningún órgano municipal poderá delegar noutro competencias que recibira por delegación.

Artigo 18. Modificación e revogación de delegacións.

A modificación ou revogación das delegacións conferidas esixirá o cumprimento dos mesmos requisitos e formalidades que o seu outorgamento.

Artigo 19. Avocación.

O órgano delegante poderá avocar en calquera momento o coñecemento dun asunto concreto que pertenza ao ámbito da delegación, aténdose en todo caso aos requisitos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais normativa de aplicación.

Artigo 20. Principios reitores das relacións con outras administracións públicas.

1. O Concello de Santiago de Compostela axustará as súas relacións con outras administracións públicas aos principios de información, colaboración, coordinación e respecto aos respectivos ámbitos de competencia.

2. O Concello de Santiago de Compostela coordinará o exercicio das súas competencias con outras entidades locais e co resto das administracións públicas cando tales competencias se refiran a actividades ou servizos que transcendan o interese específico do municipio de Santiago, ou cando incidan ou condicionen de forma relevante os intereses propios das ditas administracións públicas ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas.

3. As funcións de coordinación garantirán en todo momento o pleno respecto á autonomía local do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 21. Conflitos de competencias con outras entidades locais.

Os conflitos de competencias que xurdan con outras entidades locais resolveranse na forma prevista na normativa de aplicación.

CAPÍTULO IV

RELACIÓNS ENTRE ÓRGANOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Artigo 22. Cooperación e coordinación entre órganos municipais.

1. Os órganos do Concello de Santiago de Compostela cooperarán en todo momento para o cumprimento dos obxectivos da Corporación.

2. Os órganos municipais superiores coordinarán a actuación dos inferiores no desenvolvemento das responsabilidades de goberno e administración do municipio, correspondendo ao alcalde a competencia superior de coordinación do Concello de Santiago.

Artigo 23. Instrucións e ordes.

Os órganos municipais superiores poderán dirixir a actuación dos órganos inferiores mediante instrucións e ordes, correspondendo ao alcalde establecer as directrices xerais da acción de goberno municipal e asegurar a súa continuidade.

TÍTULO I

ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Artigo 24. Organización administrativa.

A organización administrativa do Concello de Santiago de Compostela rexerase polo disposto neste regulamento orgánico e demais normativa de aplicación e responde con carácter xeral aos principios de división funcional en áreas de goberno e de xestión territorial integrada en distritos.

Artigo 25. Órganos e organización en órganos centrais, territoriais e organismos públicos.

1. Con carácter xeral, son órganos as unidades administrativas ás que se lles poidan atribuír por delegación funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros, ou cuxa actuación teña carácter preceptivo.

2. A organización administrativa do Concello de Santiago de Compostela estrutúrase en órganos centrais, órganos territoriais desconcentrados e organismos públicos.

3. Os órganos centrais exercen as súas competencias sobre todo o territorio do municipio de Santiago de Compostela e poderanse denominar áreas de goberno tendendo a englobar as denominacións das concellarías e da Alcaldía.

4.–Os órganos territoriais exercen as súas competencias no ámbito dun distrito. Os distritos configúranse como órganos desconcentrados. Deberán ser creados polo Pleno co obxectivo de conseguir unha maior eficacia na xestión e aumentar a participación cidadá na actividade municipal.

5. Os organismos públicos creados ou que se creen dependerán dos órganos centrais, de acordo coa normativa legal de aplicación ou con este regulamento.

6. Os organismos públicos, con carácter xeral, teñen por obxecto a realización de actividades de execución ou xestión tanto administrativas de fomento ou prestación, como de contido económico do Concello; dependen deste e adscribíense a el, directamente ou a través doutro organismo público, á concellería e área competente por razón da materia, a través do órgano que en cada caso se determine.

Artigo 26. Áreas de goberno e estrutura.

a) Áreas de goberno: as áreas de goberno son os niveis esenciais da organización administrativa municipal e comprenden cada unha delas un ou varios sectores funcionalmente homoxéneos de materias de competencia da administración do municipio.

b) Áreas delegadas: das áreas de goberno poderán depender outras áreas delegadas ás que corresponderá a dirección dun sector da actividade administrativa da responsabilidade daquelas.

c) Estrutura e organización das áreas de goberno: a determinación da estrutura e organización de cada área de goberno corresponde ao alcalde mediante decreto. Para exercer as competencias e desenvolver as funcións de goberno e administración que lles correspondan, as áreas de goberno, poderán contar con coordinadores xerais, secretaría xeral técnica ou similar e poderanse estruturar con tendencia homoxénea a través de direccións de área, xerais ou órganos similares, que poderán organizarse pola súa vez en servizos, departamentos, seccións, e outras unidades inferiores ou asimiladas. Estas unidades administrativas tamén poderán depender directamente da coordinación xeral.

Artigo 27. Ordenación xerárquica das áreas e órganos de participación.

1. Os órganos superiores, alcalde, membros da Xunta de Goberno Local, concelleiros de goberno e concelleiros delegados de goberno son os xefes superiores da área de goberno correspondente, sen prexuízo da superior dirección do alcalde, e a eles corresponderá a dirección, planificación e coordinación. No caso de áreas delegadas asignadas a concelleiros estes serán os xefes directos da súa área, sen prexuízo da superior dirección que corresponde ao titular da área de goberno da que dependan.

2. No suposto de que a acción de goberno nunha determinada área se delegue nun membro da Xunta de Goberno Local que non posúa a condición de concelleiro, a súa denominación será a de delegado municipal de goberno. As funcións deste serán as fixadas no decreto de nomeamento da Alcaldía.

3. Os titulares dos órganos superiores quedan sometidos ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas ou noutras normas estatais ou autonómicas que resulten de aplicación.

4. O decreto do alcalde que determine a estrutura de cada área de goberno poderá crear órganos directivos que asuman funcións de coordinación, así como órganos directivos que culminen a organización administrativa da área. O nomeamento dos titulares destes órganos directivos efectuarase na forma prevista na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A ordenación xerárquica dos órganos directivos será a seguinte: coordinador xeral ou secretario xeral técnico, director de área, xeral ou órganos asimilados.

Aos órganos directivos correspóndelles a execución das decisións adoptadas polos órganos superiores, sen prexuízo das atribucións que lles sexan delegadas.

Excepcionalmente, cando así o prevexa este regulamento ou os decretos do alcalde sobre organización administrativa, un órgano directivo poderá depender doutro órgano directivo do mesmo rango.

5.—Órganos de participación: nas áreas de goberno poderán crearse órganos de participación da veciñanza e das asociacións que os representen, consonte o que se estableza ao respecto nas normas de participación cidadá.

Artigo 28. Creación, modificación e supresión de áreas de goberno, outras unidades administrativas, servizos e organismo públicos.

1. A determinación do número de áreas de goberno, estrutura, organización, denominación específica de cada unha e o ámbito de competencias que por delegación corresponde a esa área de goberno, sen prexuízo das que poidan delegar outros órganos municipais, serán establecidos mediante decreto polo alcalde. No devandito decreto indicaranse ademais os responsables das correspondentes áreas de goberno.

2. A Alcaldía-Presidencia, no marco dos orzamentos municipais, determinará tamén o número e denominación das coordinacións ou similares, direccións de área, xerais e asimiladas da estrutura administrativa municipal e dos outros órganos que proceda.

3. Os servizos ou outras unidades administrativas de nivel inferior e os demais postos de traballo créanse, modifícanse e suprímense mediante decreto da Alcaldía Presidencia, por proposta do titular da área de goberno competente e logo do informe da área competente en materia de persoal, a través do cadro de persoal e da relación de postos de traballo, que se aprobará consonte a súa regulación específica, e sen prexuízo das competencias que corresponden á Xunta de Goberno Local en materia da relación de postos de traballo.

4. A creación, modificación e supresión de órganos e unidades administrativas dos organismos públicos realizarase segundo as normas específicas contidas neste regulamento ou nos seus estatutos e demais normativa de aplicación.

TÍTULO II

DO GOBERNO MUNICIPAL

Artigo 29. Órganos superiores do Concello de Santiago de Compostela.

Son órganos superiores do Concello de Santiago de Compostela:

- a) O Pleno e as súas comisións.
- b) O alcalde.
- c) A Xunta de Goberno Local
- d) Os concelleiros de goberno (membros da Xunta de Goberno Local).
- e) Os delegados municipais de goberno (membros da Xunta de Goberno non concelleiros).
- f) Os concelleiros delegados de goberno (concelleiros non membros da Xunta de Goberno).

CAPÍTULO I

DO PLENO

Artigo 30. O Pleno.

1. O Pleno, formado polo alcalde e polos concelleiros, é o órgano de máxima representación política da cidadanía no goberno municipal. O Pleno será convocado e presidido polo alcalde, salvo nos supostos previstos na lei e na lexislación electoral xeral, ao que corresponde decidir os empates con voto de calidade. O alcalde poderá delegar a convocatoria e a presidencia do Pleno, cando o considere oportuno, nun dos concelleiros. O pleno regularase polas disposicións legais vixentes e polo seu regulamento orgánico.

CAPÍTULO II

DO ALCALDE

Artigo 31. Disposicións xerais.

1. O alcalde de Santiago de Compostela é o presidente da Corporación, desempeña a máxima representación do municipio e correspóndelle a superior dirección e coordinación do goberno e da

administración municipal, sen prexuízo da acción colexiada de colaboración na dirección política que, mediante o exercicio de funcións executivas e administrativas, realice a Xunta de Goberno Local, correspóndelle asemade exercer as demais funcións que lle atribúe o ordenamento xurídico.

2. O alcalde é responsable da súa xestión política ante o Pleno do Concello e o seu nomeamento e cesamento réxense polo disposto na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

3. O alcalde de Santiago de Compostela terá o tratamento de excelentísimo en cumprimento do establecido no artigo 124.3 LRBRL.

Artigo 32. Competencias do alcalde.

1. Corresponde ao alcalde de Santiago de Compostela as competencias previstas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e calquera outra que lle atribúan as leis do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Corresponden igualmente ao alcalde de Santiago de Compostela as restantes competencias que as leis do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia atribúan xenericamente ao Concello de Santiago sen especificar o órgano municipal que debe asumir a súa titularidade.

3. As competencias que corresponden ao alcalde de Santiago de Compostela como Presidente do Pleno do Concello rexeranse polo disposto no Regulamento orgánico do Pleno se existise e polas demais disposicións legais.

Artigo 33. Réxime xurídico da delegación de competencias.

1. O alcalde poderá delegar mediante decreto o exercicio das súas competencias na Xunta de Goberno Local, nos seus membros, nos demais concelleiros e, de ser o caso, nos coordinadores xerais ou similares, directores de área ou similares e demais órganos. Así mesmo, o alcalde poderá delegar as ditas competencias nas xuntas municipais de distrito ou nos seus concelleiros presidentes.

2. O alcalde tamén poderá efectuar delegacións en calquera concelleiro para a dirección e xestión de asuntos determinados, servizos determinados e outros similares.

Artigo 34. Procedemento de delegación.

1. No decreto de delegación farase constar con claridade o ámbito funcional da delegación, as facultades concretas que se delegan, as condicións específicas para o exercicio de tales facultades e a súa extensión temporal.

2. As delegacións do alcalde producirán efectos desde a data do decreto, salvo que nel se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia cando o esixa a lexislación do réxime local.

Artigo 35. Suplencia do alcalde.

1. En casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o alcalde será substituído polos tenentes de alcalde pola súa orde de nomeamento.

Nestes casos, a suplencia producirase sen necesidade dun acto expreso declarativo ao respecto, debéndose dar conta ao Pleno desta circunstancia.

Non obstante, o alcalde poderá determinar a forma en que esta suplencia se deba producir.

2. Nos supostos de suplencia do alcalde por razóns de ausencia ou enfermidade, o tenente de alcalde que asuma as súas funcións non poderá revogar as delegacións que outorgara o primeiro.

Artigo 36. Renuncia do alcalde.

1. O alcalde poderá renunciar ao seu cargo sen perder por iso a condición de concelleiro.

2. A renuncia deberá formalizarse por escrito e dirixirse ao Pleno do Concello, que deberá adoptar un acordo de coñecemento dentro dos dez días seguintes á súa presentación.

3. En caso de renuncia do alcalde, a vacante cubrirase na forma prevista na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Artigo 37. Bandos, decretos, instrucións, ordes do alcalde.

1. En exercicio das súas competencias, o alcalde poderá aprobar bandos e decretos, así como ditar instrucións ou ordes para dirixir a actuación dos órganos municipais.

2. Os bandos do alcalde poderán ser meramente recordatorios dunha obriga contida nas disposicións de carácter xeral, ou de adopción de medidas excepcionais de carácter singular e temporal, por razóns de extraordinaria urxencia.

3. As demais resolucións que adopte o alcalde no exercicio das súas competencias denominaranse decretos do alcalde e serán publicados, cando así o esixa a lei ou se considere necesario, no Boletín Oficial da Provincia ou correspondente. Os decretos do alcalde tomarán a forma de resolucións.

4. O alcalde poderá dirixir a actividade dos órganos e organismos que integran a Administración Municipal mediante ordes internas dirixidas aos servizos municipais que se denominarán “instrucións do alcalde”. Tamén poderá ditar ordes.

Artigo 38. Órganos de asistencia directa ao alcalde: Gabinete do alcalde.

1. Poderase crear o Gabinete do Alcalde, que será o órgano de asistencia directa e asesoramento inmediato ao alcalde que realiza tarefas de confianza e asesoramento especial. O Gabinete do Alcalde pode estar integrado por funcionarios de carreira, asesores e colaboradores, tendo os asesores e colaboradores a condición de persoal eventual. O seu nomeamento e a súa destitución corresponde en exclusiva ao alcalde mediante decreto, cesando automaticamente ao facelo este.

2.–Dentro do Gabinete ou Área da Alcaldía poderase integrar a Asesoría Xurídica, con autonomía funcional a respecto do persoal de confianza e asesoramento especial adscrito á Alcaldía.

3. Para o cumprimento das súas funcións, os membros do Gabinete poderán pedir de todos os órganos do Concello de Santiago de Compostela tanta información consideren necesaria.

CAPÍTULO III

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Artigo 39. Definición e natureza.

1. A Xunta de Goberno Local é o órgano superior que, baixo a presidencia do alcalde, colabora de forma colexiada na función de dirección que a este corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas previstas na lexislación do réxime local e neste regulamento orgánico.

2. No Concello de Santiago de Compostela a Xunta de Goberno Local denominarase “Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela”.

Artigo 40. Composición e nomeamento.

1. Corresponde ao alcalde nomear e separar libremente aos membros da Xunta de Goberno, cuxo número non poderá exceder dun terzo do número legal de membros do Pleno, ademais do alcalde.

2. O alcalde poderá nomear membros da Xunta de Goberno Local a persoas que non teñan a condición de concelleiros, sempre que o seu número non supere un terzo do número total de membros da Xunta excluído o alcalde. Os dereitos económicos e prestacións sociais dos membros da Xunta que non posúan a condición de concelleiros serán idénticos aos dos membros electivos.

Artigo 41. Concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local.

1. O alcalde nomeará o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local entre os membros dela que posúan a condición de concelleiro, así como o concelleiro secretario suplente. O concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local redactará as actas das sesións e certificará os acordos adoptados.

2. A suplencia do concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade corresponderá ao concelleiro secretario suplente e, en ausencia deste, ao concelleiro membro da Xunta de Goberno Local que determine o alcalde.

Artigo 42. Competencias da Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local terá as competencias previstas no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en calquera outra lei do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de réxime local.

Artigo 43. Réxime das sesións.

1. As sesións da Xunta de Goberno Local celebraranse no edificio municipal en que teña a súa sede a Alcaldía, salvo que o alcalde decida a súa celebración noutro edificio municipal.

2. Ás sesións da Xunta de Goberno Local poderán asistir concelleiros non pertencentes a este órgano e titulares doutros órganos, cando sexan convocados polo alcalde.

3. A sesións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Goberno Local serán convocadas con, cando menos, vintecatro horas de antelación.

4. As sesións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Goberno Local poderán convocarse a través de medios telemáticos ou dispositivos móbiles que permitan acreditar suficientemente a recepción por parte dos seus destinatarios.

5. Por razóns de urxencia poderase someter á Xunta de Goberno Local unha relación de asuntos non incluídos na orde do día.

6. A Xunta de Goberno Local non coñecerá asuntos que non estean incluídos na orde do día, salvo que, presentados ao alcalde inmediatamente antes de ter lugar a sesión, este os admita e os seus membros o acorden.

7. As sesións extraordinarias de carácter urxente poderán quedar validamente constituídas, sen convocatoria previa, cando así o decida o alcalde e estean presentes todos os seus membros.

Artigo 44. Deliberacións da Xunta de Goberno Local.

1. As sesións da Xunta de Goberno Local non son públicas. Quen asista ás sesións da Xunta de Goberno Local está obrigado a gardar segredo sobre as opinións e deliberacións emitidas no transcurso delas.

2. O alcalde dirixirá, segundo o seu prudente criterio, os debates e deliberacións da Xunta de Goberno Local.

Artigo 45. Acordos da Xunta de Goberno Local.

1. As decisións que adopte a Xunta de Goberno Local en exercicio das súas competencias tomarán a forma de acordos e terán a publicidade esixida pola lexislación do réxime local.

2. O concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local estenderá a acta de cada sesión, recollendo os acordos adoptados.

3. Na acta da sesión constará a data, a hora de comezo e de finalización, os nomes dos asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados.

Artigo 46. Publicidade dos acordos.

Os acordos da Xunta de Goberno Local publicaranse na forma prevista na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais lexislación aplicable.

Artigo 47. Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao concelleiro secretario.

1. O órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao seu concelleiro secretario denomínase vicesecretario ou secretario da administración municipal.

2. O vicesecretario ou secretario da administración municipal terá carácter de órgano directivo e será nomeado pola Xunta de Goberno Local, por proposta do alcalde, entre funcionarios da administración local con habilitación de carácter estatal.

3. Corresponde ao vicesecretario ou secretario da administración municipal o exercicio das funcións que lle atribúe a lei.

Artigo 48. Comisións delegadas.

1. A Xunta de Goberno poderá decidir a constitución de comisións delegadas, de carácter permanente ou temporal, para a preparación e estudo de asuntos que afecten á competencia de áreas ou distritos, a

elaboración de directrices de programas ou actuacións de interese común e en xeral, o estudo de cantas cuestións considere convenientes.

2. As deliberacións das comisións delegadas serán segredas e os seus acordos revestirán a forma de ditame.

Artigo 49. Relacións co Pleno.

1. As relacións da Xunta de Goberno Local co Pleno rexeranse polo disposto no Regulamento orgánico do Pleno e demais lexislación aplicable.

2. Os membros da Xunta de Goberno Local que non teñan a condición de concelleiros poderán asistir ás sesións do Pleno e intervir nos debates, con plena suxeición ás facultades de ordenación deste corresponden ao alcalde.

CAPÍTULO IV

DOS TENENTES DE ALCALDE

Artigo 50. Disposicións xerais.

1. Os tenentes de alcalde serán nomeados polo alcalde mediante decreto, especificando a orde do seu nomeamento, entre os concelleiros que formen parte da Xunta de Goberno Local.

2. Os tenentes de alcalde terán o tratamento de ilustrísimo, en cumprimento do establecido no artigo 125.2 LRBRL.

CAPÍTULO V

DOS CONCELEIROS DE GOBERNO, DELEGADOS MUNICIPAIS DE GOBERNO E CONCELEIROS DELEGADOS DE GOBERNO

Artigo 51. Disposicións xerais.

1. O goberno municipal estará formado polos concelleiros de goberno, os delegados municipais de goberno e os concelleiros delegados de goberno, que serán os órganos superiores das áreas de goberno.

Artigo 52. Concelleiros de goberno.

Son concelleiros de goberno aqueles concelleiros membros da Xunta de Goberno aos que o alcalde poderá asignar funcións de dirección, planificación ou coordinación, sen prexuízo das atribucións que lles correspondan en canto membros da Xunta de Goberno e das demais competencias que se lles deleguen e das competencias que lles son propias.

Con carácter xeral, aos concelleiros de goberno corresponde a dirección dos ámbitos da actividade administrativa integrados na súa área de goberno.

Artigo 53. Delegados municipais de goberno.

Son delegados municipais de goberno os membros da Xunta de Goberno que non posúan a condición de concelleiros, aos que o alcalde poderá asignar funcións de dirección, planificación ou coordinación, sen prexuízo das atribucións que lles correspondan en canto membros da Xunta de Goberno, das demais competencias que se lles deleguen e das competencias que lles son propias.

Con carácter xeral, correspóndelles a dirección dos ámbitos da actividade administrativa integrados na súa área de goberno.

Artigo 54. Concelleiros delegados de goberno.

Son concelleiros delegados de goberno aqueles concelleiros que non forman parte da Xunta de Goberno Local, aos que o alcalde poderá asignar funcións de dirección, planificación ou coordinación, sen prexuízo das demais competencias que se lles deleguen e das competencias que lles son propias e que poderán incluírse no marco da dirección doutro concelleiro ou delegado de goberno.

Con carácter xeral, correspóndelles a dirección dos ámbitos da actividade administrativa integrados na súa área de goberno ou delegación.

TÍTULO III

DOS ÓRGANOS DIRECTIVOS

Artigo 55. Órganos directivos na estrutura municipal.

1. Son órganos directivos do Concello de Santiago de Compostela:

- O secretario xeral do Pleno e das súas comisións.
- O vicesecretario ou secretario da administración municipal (titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao concelleiro secretario).
- O interventor xeral municipal.
- O titular do órgano de xestión orzamentaria e demais previstos no artigo 133 e seguintes da Lei de bases do réxime local.
- O titular da Asesoría Xurídica.

- Os directores de área, xerais ou similares de cada área municipal o concellaría.
- Os titulares dos máximos órganos de dirección (direccións e xerencias dos organismos autónomos locais e das entidades públicas empresariais locais dependentes do Concello de Santiago de Compostela.
- Os coordinadores xerais ou similares.
- Os órganos aos que se atribúan competencias de coordinación nas áreas de goberno e os que culminen a organización administrativa de cada área de goberno, nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

2. Corresponde aos órganos superiores o exercicio das funcións de dirección, planificación e coordinación. Corresponde aos órganos directivos a execución das decisións adoptadas polos órganos superiores e o exercicio das competencias que lles sexan atribuídas.

3. Os restantes órganos e unidades do Concello de Santiago de Compostela dependerán directamente dalgún dos órganos superiores ou directivos, no ámbito específico das súas competencias.

CAPÍTULO I

DO SECRETARIO XERAL DO PLENO, DO SECRETARIO DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL (TITULAR DO ÓRGANO DE APOIO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL E AO CONCELEIRO SECRETARIO) E DO INTERVENTOR XERAL MUNICIPAL

Artigo 56. O secretario xeral do Pleno, o vicesecretario ou secretario da administración municipal (titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao concelleiro secretario) e o interventor xeral municipal.

1. O secretario xeral do Pleno, o vicesecretario ou secretario da administración municipal (titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao concelleiro secretario) e o interventor xeral municipal rexeranse pola súa normativa propia de aplicación.

2. Nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante serán substituídos, por proposta do titular da área. O secretario xeral do Pleno poderá ser substituído polo de administración municipal, o interventor xeral municipal polo viceinterventor e á inversa, sen prexuízo do uso doutros procedementos legalmente previstos para estes supostos.

CAPÍTULO II

DAS DIRECCIÓNS E XERENCIAS DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS LOCAIS E DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS LOCAIS DEPENDENTES OU SIMILARES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Artigo 57. A regulación dos directores e xerentes de organismos autónomos ou entidades empresariais dependentes do Concello ou similares farase neste regulamento e nos correspondentes estatutos e demais normativa de aplicación.

CAPÍTULO III

Dos coordinadores xerais e secretarios xerais técnicos ou similares

Artigo 58. Coordinadores xerais e secretarios xerais técnicos ou similares.

1. Os coordinadores xerais e secretarios xerais técnicos dependen directamente do titular da área de goberno e correspóndenlles funcións de coordinación das distintas direccións xerais ou órganos asimilados que integran a área de goberno, os servizos comúns e as demais funcións que se lles deleguen.

2. Nos casos en que se nomee, nunha mesma área de goberno, máis dun coordinador xeral, o decreto de estrutura desta delimitará os sectores da actividade administrativa sobre os que actuará cada un deles.

Excepcionalmente, nos casos nos que a área de goberno estea estruturada en áreas de coordinación ou delegadas, o secretario xeral técnico poderá depender funcionalmente do titular dunha destas, consonte o que estableza ao respecto o alcalde no decreto de organización da dita área de goberno.

CAPÍTULO IV

DIRECTORES XERAIS, ÁREAS OU SIMILARES

Artigo 59. Directores xerais, áreas ou similares.

1. Os directores xerais son os titulares dos órganos directivos aos que corresponde, baixo a dependencia directa dun coordinador xeral cando exista ou dun concelleiro, delegado ou do alcalde, a dirección e xestión dun ou de varios ámbitos de competencias funcionalmente homoxéneos.

2. Con carácter xeral, corresponden aos directores xerais nos seus respectivos ámbitos de responsabilidade, as seguintes funcións:

a) A dirección e xestión dos servizos da súa competencia e a xefatura superior da área baixo a dependencia do concelleiro, delegado ou alcalde.

b) A dirección e coordinación das unidades orgánicas adscritas, cuxa xefatura inmediata desempeñan.

c) A elaboración de proxectos de disposicións, acordos e convenios respecto ás materias do seu ámbito de funcións.

d) O asesoramento xurídico e económico, emitindo, ou dando a conformidade, os informes e propostas de resolución confeccionadas polas xefaturas de servizo ou unidades inferiores.

e) A elaboración, seguimento e control do orzamento anual.

f) A avaliación dos servizos da súa competencia.

g) As que lles deleguen os demais órganos municipais.

h) Aquelas funcións complementarias que lles poidan ser asignadas ou calquera outras de natureza similar, así como as que corresponden á natureza da súa area.

3. Corresponderá ao alcalde a determinación do seu número no marco do orzamento.

CAPÍTULO V

DA ASESORÍA XURÍDICA MUNICIPAL

Artigo 60. Concepto.

1. Consonte o establecido na Lei de bases do réxime local, existirá un órgano administrativo responsable da asistencia xurídica ao alcalde, á Xunta de Goberno Local e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento xurídico e da representación e defensa en xuízo do Concello, sen prexuízo das funcións reservadas ao secretario do Pleno ou ao titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao concelleiro secretario. Para o exercicio da función contenciosa poderase designar avogado colexiado.

2. O seu titular será nomeado e separado pola Xunta de Goberno Local entre persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título de licenciado en dereito.

b) Ter a condición de funcionario de administración local con habilitación de carácter estatal, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, aos que se esixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

3. A Asesoría Xurídica é o órgano encargado da asistencia xurídica do Concello de Santiago de Compostela e dos seus organismos públicos, sen prexuízo das funcións atribuídas pola lexislación vixente a outros órganos estatais, autonómicos e municipais.

4. Así mesmo, o alcalde, os membros da Xunta de Goberno e os órganos directivos municipais e dos organismos públicos poderán consultar coa precisión debida á Asesoría Xurídica no ámbito da súa competencia.

5. Os informes non son vinculantes e emitiranse no prazo de dez días, salvo que o procedemento esixa outro prazo menor e así se faga constar na solicitude de informe.

6. A Asesoría Xurídica ten, para todos os efectos, a categoría de órgano directivo.

Artigo 61. Organización.

1. A Asesoría Xurídica poderase adscribir ao Gabinete da Alcaldía no suposto de que este se constituía e senón á Alcaldía do Concello e estará integrada polo director e/ou letrados dos servizos xurídicos do Concello así como polo resto do persoal funcionario que integre as diferentes unidades dependentes daquela.

2. A dirección da Asesoría Xurídica e as unidades que a forman desempeñan as súas funcións baixo a superior e única dirección da Alcaldía, da que depende.

Artigo 62. Director da Asesoría Xurídica.

1. O director da Asesoría Xurídica asume a dirección do servizo xurídico do Concello de Santiago de Compostela e dos seus organismos públicos, e en tal concepto correspóndelle a dirección, coordinación e inspección das funcións encomendadas aos servizos xurídicos municipais, sen prexuízo das que estean atribuídas ao secretario xeral do Pleno.

2. O seu titular será nomeado e relevado pola Xunta de Goberno de acordo co previsto no artigo 129.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

3. En casos de extraordinaria e urxente necesidade, o titular da área da que dependa a Asesoría Xurídica, por proposta do seu director, poderá habilitar a funcionarios do Concello que sexan licenciados en dereito para que exerzan funcións propias de letrado, con carácter provisional e sen ocupar, en ningún caso, posto de letrado. A habilitación extinguirase no prazo dun ano se non se revoga previamente, sen prexuízo da súa renovación por igual período, de xeito motivado e se persisten as mesmas circunstancias.

CAPÍTULO VI

O TITULAR DO ÓRGANO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E DOS RESTANTES ÓRGANOS DO ARTIGO 133 E SEGUINTE DA LEI DE BASES DO RÉXIME LOCAL

Artigo 63. O titular do órgano de xestión tributaria e dos restantes órganos do artigo 133 e seguintes da Lei de bases do réxime local.

Habílitate ao Pleno da Corporación para desenvolver e concretar, se fose o caso, os restantes órganos incluídos na Lei de bases do réxime local, sen necesidade de modificar este regulamento que a través deste artigo habilita a súa creación.

Artigo 64. Nomeamento dos titulares dos órganos directivos.

1. Os cargos directivos serán nomeados e relevados pola Xunta de Goberno Local, agás o secretario do Pleno, o vicesecretario, o interventor xeral ou o viceinterventor, que serán nomeados e relevados polo alcalde ou concelleiro competente en materia de persoal.

2. A provisión dos postos reservados aos funcionarios de administración local con habilitación de carácter estatal efectuarase polo procedemento de libre designación e de acordo coa normativa de aplicación.

3. O nomeamento dos demais titulares de órganos directivos deberá efectuarse, consonte o previsto no artigo 130.3 da Lei reguladora das bases do réxime local, entre funcionarios de carreira do Estado, das comunidades autónomas, das entidades locais ou funcionarios de administración local con habilitación de carácter estatal, aos que se esixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente, salvo que no instrumento de estruturación da área se prevexa, en atención ás características específicas do posto de directivo, que o seu titular non reúna a condición de funcionario. Neste último caso, os nomeamentos deberán efectuarse de xeito motivado e segundo os criterios de competencia profesional e experiencia no desempeño de postos de responsabilidade na xestión pública ou privada.

4. Nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante, serán substituídos polo funcionario que designe o alcalde, salvo o que se especifica neste regulamento.

Artigo 65. Forma dos actos.

1. As decisións administrativas que adopten os órganos directivos revestirán a forma de resolución.
2. As ditas resolucións publicaranse ou notificaranse de acordo co disposto na normativa vixente.

TÍTULO IV

DA TESOURERÍA

Artigo 66. Tesourería municipal.

1. As funcións públicas de tesourería serán exercidas pola Tesourería Municipal, salvo no que se poida dispor en caso de desenvolver os diferentes órganos de xestión tributaria e os restantes órganos do artigo 133 e seguintes da Lei de bases do réxime local.

2. A provisión dos postos reservados aos funcionarios de administración local con habilitación de carácter estatal efectuarase polo procedemento de libre designación e de acordo coa normativa de aplicación.

3. Corresponden ao tesoureiro municipal as funcións que lle atribúe a normativa vixente.

4. A Tesourería Municipal está englobada na área de goberno con competencias en materia de facenda e dependerá do titular da área, sen prexuízo da súa segunda dependencia das competencias ou atribucións pola lexislación de réxime local e por este regulamento orgánico aos órganos superiores e directivos do Concello de Santiago de Compostela, tales como os coordinadores xerais, directores de área, etc.

5. Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, as funcións do tesoureiro municipal, por proposta do titular da área, poderán ser desempeñadas temporalmente polo viceteseiro, sen prexuízo do uso da provisión polos sistemas legais vixentes en cada momento.

6. Serán nomeados e relevados polo alcalde ou concelleiro competente en materia de persoal.

TÍTULO V

DOS ÓRGANOS TERRITORIAIS DESCONCENTRADOS

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 67. Os distritos.

1. Os distritos son divisións territoriais do municipio de Santiago de Compostela, con órganos de xestión desconcentrada para o impulso e desenvolvemento da participación cidadá na xestión dos asuntos municipais e a súa mellora, sen prexuízo da unidade de goberno e xestión do municipio.

2. O Pleno do Concello, mediante norma orgánica, establecerá a división do municipio en distritos así como a determinación, regulación e competencias dos seus órganos representativos e participativos, sen prexuízo das atribucións do alcalde para determinar a organización e as competencias da súa

administración executiva, consonte o disposto no artigo 123.1.c da Lei reguladora das bases do réxime local.

3. Sen prexuízo da norma orgánica que aprobe o Pleno para regular os distritos, establécese un marco de organización administrativa que estará composto polos órganos de goberno e administración, que corresponderán á Xunta Municipal de Distrito e ao seu concelleiro presidente, sen prexuízo das competencias que correspondan aos demais órganos municipais. A Xunta Municipal de Distrito exercerá as competencias executivas ou administrativas que lle correspondan por delegación do alcalde ou da Xunta de Goberno, sen prexuízo das demais que se lle poidan atribuír e o concelleiro presidente, nomeado e separado polo alcalde, representa ao distrito e dirixe a súa administración e correspóndelle esencialmente a representación, dirección, planificación e coordinación dos servizos municipais da competencia do distrito e as demais que se lle poidan atribuír.

4. Nos distritos poderán crearse órganos de participación dos veciños e das asociacións.

TÍTULO VI

DOS ORGANISMOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 68. Definición e natureza.

1. O Concello de Santiago de Compostela poderá crear organismos públicos para a realización de actividades administrativas, de fomento, de prestación ou similares, así como de contido económico reservadas á administración municipal, da que dependerán e á que se adscribirán directamente ou a través doutro organismo público, á área de goberno que proceda, a través do órgano que en cada caso se determine.

Artigo 69. Fontes da regulación dos organismos públicos.

Os organismos públicos rexeranse:

a) Polo disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado e polo resto de disposicións legais do Estado que resulten aplicables.

b) Polas leis da Comunidade Autónoma de Galicia que resulten aplicables.

c) Polas disposicións deste título.

d) Polas de xeral aplicación.

Artigo 70. Tipos de organismos públicos.

1. Os organismos públicos clasifícanse en:

a) Organismos autónomos locais ou similares.

b) Entidades públicas empresariais locais ou similares.

2. Poderán existir entidades públicas empresariais locais cuxos estatutos lles asignen a función de dirixir ou coordinar outros entes da mesma ou de distinta natureza, ou ben a función de dirixir ou coordinar as sociedades mercantís municipais nos termos establecidos na disposición adicional duodécima da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

3. A creación, modificación, refundición ou supresión de organismos públicos corresponderá ao Pleno do Concello de Santiago de Compostela, que aprobará os seus estatutos.

Artigo 71. Personalidade xurídica dos organismos públicos.

Os organismos públicos terán personalidade xurídica pública diferenciada, así como patrimonio propio e autonomía de xestión, todo isto nos termos da normativa que lles sexa de aplicación, coas potestades recollidas nos seus estatutos e para os seus fins de acordo coa normativa vixente.

Artigo 72. Os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais.

1. Aos organismos autónomos encoméndaselles, en réxime de descentralización funcional e en execución de programas específicos da actividade dunha área, a realización de actividades de fomento, de prestación ou de xestión de servizos públicos, que poderán contar con órganos de dirección tales como consello reitor, presidente, vicepresidente, director, xerente ou similares, así como participación e asesoramento.

2. As entidades públicas empresariais son organismos públicos aos que se encomenda a realización de actividades de prestación, a xestión de servizos ou a produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación, coas potestades que se lles atribúan en función dos estatutos que se aproben, que poderán contar con órganos de dirección tales como consello de administración, presidente, vicepresidente, director, xerente ou similares, así como participación e asesoramento.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira. Disposicións de aplicación preferente.

Consonte a disposición adicional undécima referida ao réxime especial dos municipios de gran poboación, as disposicións contidas no título X para os municipios de gran poboación prevalecerán a respecto das demais normas de igual ou inferior rango no que se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles, polo que as normas contidas neste regulamento prevalecerán a respecto das demais de igual ou inferior rango no que se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles, dentro do marco legal vixente.

Segunda. Disposicións organizativas do alcalde.

As disposicións contidas neste regulamento referentes á organización administrativa complementaranse e, de ser o caso, desenvolveranse coas que adopte o alcalde ao abeiro do previsto no artigo 124.4.k da Lei reguladora das bases do réxime local, realizando as modificacións necesarias para adaptar mediante decreto a administración municipal á nova organización coas reasignacións precisas.

Terceira. Impulso e mellora do regulamento.

No marco dunha máis ampla profundización da actual e futura organización e administración municipal, este regulamento deberá ser revisado no actual mandato, xa que a obriga urxente de acometer a súa redacción, xunto coa necesidade de determinar os niveis básicos de organización municipal non permitiu neste espazo temporal abordar na súa totalidade o potencial normativo. Neste senso, non podemos esquecer da Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela, que se ben é anterior á Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación ás novas competencias e estrutura das grandes cidades, será necesario abordar nun futuro o seu desenvolvemento tamén no marco da administración municipal.

Cuarta. Adaptación paulatina.

En tanto non se proceda a adaptar a nova organización, a administración municipal continuará coa actual organización sen prexuízo dos cambios que procedan cunha interpretación ampla deste regulamento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Disposicións derogadas.

A partir da entrada en vigor deste regulamento orgánico quedan derogadas todas as disposicións do Concello de Santiago de Compostela que se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles con el.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Segunda. Comunicación, publicación e entrada en vigor.

1. Consonte o disposto nos artigos 56.1, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a publicación e entrada en vigor deste regulamento producirase da seguinte forma:

a) O acordo de aprobación definitiva comunicarse á Administración del Estado e á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Transcorrido o prazo de quince días desde a recepción da comunicación, o acordo e o regulamento publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

c) O regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

2. O acordo de aprobación definitiva e o regulamento publicaranse ademais no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.